

II. AUTORIDADES E PERSOAL

a) CESAMENTOS

PRESIDENCIA

Decreto 132/2007, do 10 de xullo, polo que se dispón o cesamento como conselleiro do Consello Consultivo de Galicia de José María Gómez y Díaz-Castroverde.

Tendo presentada José María Gómez y Díaz-Castroverde a súa renuncia como conselleiro do Consello Consultivo de Galicia, de conformidade co establecido na alínea a) do artigo 6, e no punto 1 do artigo 7, da Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia,

DISPOÑO:

Que cese, por petición propia, como conselleiro do Consello Consultivo de Galicia José María Gómez y Díaz-Castroverde, agradecéndolle os servizos prestados.

Santiago de Compostela, dez de xullo de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Orde do 4 de xullo de 2007 pola que se convocan axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo.

A incorporación da muller ao mundo laboral e académico é un feito indubidable que supuxo unha transformación social. A evolución que tivo lugar durante o século XX e principios do XXI deixa patente que cómpre un cambio no contexto social, xa que os roles de xénero asignado pónense en cuestión posto que sufriron unha importante evolución ata o momento actual. Polo tanto son necesarios novos elementos que axuden nesta transformación, proporcionando un desenvolvemento axeitado, coherente e sostible no tempo.

Por este motivo, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, consciente de que a responsabilidade é un aspecto que, polo seu impacto social, require abordarse a través de accións concretas a nivel particular e coherentes no seu conxunto, promoveu a elabora-

ción dun Plan de fomento da corresponsabilidade coa vontade de proporcionar respostas ás novas demandas, no ámbito da promoción da corresponsabilidade. Sen dúbida o plan trata de enfocar os esforzos na dirección dunha política de igualdade que incrementa a corresponsabilidade das galegas e galegos e impulse a implantación de mecanismos que a fomenten.

É ben sabido que existe, en xeral, unha percepción de que resulta difícil compatibilizar a vida familiar e laboral, sendo ademais concebidas as responsabilidades familiares, na maior parte dos casos como propias das mulleres o cal actúa unha vez máis como factor de desigualdade. Os poderes públicos deben adoptar medidas que favorezan o desfrute de permisos familiares sen que isto afecte negativamente as posibilidades de acceso ao emprego e as condicións de traballo das mulleres promocionando que os homes asuman tamén estas responsabilidades.

Deste xeito, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, como unha medida de fomentar a corresponsabilidade e de impulsar así o cambio dos roles diferenciados entre mulleres e homes, implicando a estes últimos na atención e coidado dos seus fillos e fillas, establece unha axuda económica destinada a aqueles traballadores que se acollan a unha redución da súa xornada de traballo motivada pola atención e coidado dos seus fillos e fillas menores de tres anos, comprendendo tamén a situación das familias monoparentais, que neste primeiro ano ten, en certo modo, un carácter experimental.

En consecuencia, a través desta orde establécense as bases reguladoras do procedemento a través de convocatoria pública para a concesión destas axudas, a través da modalidade de pagamento único. As axudas que se establecen no articulado desta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 05.20.312G.480.0, recollida na Lei 14/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007. O importe destinado ás axudas ascenderá como máximo a 400.000 euros.

No Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo; no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas pola Comunidade Autónoma de Galicia, establécense os réximes para as concesións de axudas e subvencións públicas pola Comunidade Autónoma de Galicia, a cuxa normativa se adaptará a presente orde, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade e obxectividade, agás o réxime xeral de concorrencia competitiva establecido no artigo 78.8º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro. Así mesmo, seralle de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto desta orde é a regulación do réxime de concesión de axudas económicas a aqueles traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo así como a convocatoria destas para o ano 2007.

Artigo 2º.-Actuacións subvencionables.

As axudas, na modalidade de pagamento único, serán concedidas aos traballadores que, a partir do día 1 de xaneiro de 2007, se acollan a unha redución da xornada de traballo de ata un máximo da metade da duración daquela para o coidado dun/dunha fillo/a menor de 3 anos.

Artigo 3º.-Persoas beneficiarias.

Poderán ser beneficiarios das axudas previstas nesta orde:

a) Homes traballadores por conta allea, tanto da empresa privada como das administracións públicas, organismos autónomos, entes públicos de dereito privado e empresas públicas dependentes destas, con independencia de que o seu vínculo sexa laboral, funcional ou estatutario e os socios das sociedades cooperativas, que se acollan á redución de xornada á que se alude no artigo 2º desta orde.

b) Familias monoparentais nas que a persoa solicitante, home ou muller, sexa traballadora por conta allea e se acolla á redución de xornada á que se alude no artigo 2º desta orde.

En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos/as, ou se a tutela ou garda fose asumida por unha institución pública.

Artigo 4º.-Requisitos.

Para poder acollerse ás axudas previstas na presente orde deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) As persoas que desexen solicitar a axuda económica regulada nesta orde deberán estar inscritas no padrón de calquera municipio dos integrados no territorio da Comunidade Autónoma galega, polo menos cun ano de antelación á presentación da solicitude de subvención.

b) No caso das familias non monoparentais, o outro membro da unidade familiar deberá ser traballadora por conta allea ou ben autónoma.

c) Que na data da solicitude o/a fillo/a conviva coa persoa solicitante.

d) Que o período solicitado non coincida co permiso por maternidade.

Artigo 5º.-Contía das axudas.

A contía desta axuda concederáse a través dun pagamento único e estará en función da porcentaxe de redución de xornada laboral que se solicite e da duración desta, que será como máximo de 8 meses. Deste xeito, as contías son as seguintes:

1. Cando a redución de xornada sexa de ata o 33% da xornada laboral e a súa duración sexa polo tempo máximo de 8 meses:

a) 2.400 euros se é a/o primeira/o filla/o.

b) 2.700 euros se é a/o segunda/o filla/o ou se son xemelgas/os.

c) 3.000 euros se é a/o terceira/o filla/o ou se son trillizas/os.

2. Cando a redución de xornada sexa superior ao 33% e ata o 40% da xornada laboral e a súa duración sexa polo tempo máximo de 8 meses:

a) 2.700 euros se é a/o primeira/o filla/o.

b) 3.000 euros se é a/o segunda/o filla/o ou se son xemelgas/os.

c) 3.300 euros se é a/o terceira/o filla/o ou se son trillizas/os.

3. Cando a redución de xornada sexa superior ao 40% e ata o 50% da xornada laboral e a súa duración sexa polo tempo máximo de 8 meses:

a) 3.000 euros se é a/o primeira/o filla/o.

b) 3.300 euros se é a/o segunda/o filla/o ou se son xemelgas/os.

c) 3.600 euros se é a/o terceira/o filla/o ou se son trillizas/os.

As contías citadas nos puntos anteriores son as máximas aplicables aos casos en que a redución de xornada corresponda a unha persoa contratada a xornada completa. Cando a persoa que solicita a redución estivese contratada para unha xornada laboral de duración inferior, as contías das axudas diminuiranse proporcionalmente.

Do mesmo xeito, cando a redución de xornada non se solicite polo período máximo de 8 meses, as contías antes citadas reduciranse proporcionalmente.

Artigo 6º.-Duración das axudas.

A concesión da axuda terá efecto dende o día do inicio do período de redución de xornada.

O tempo máximo polo que se poderá conceder a axuda á redución de xornada para fomento da responsabilidade será de 8 meses.

O tempo mínimo de duración da redución de xornada deberá ser de 60 días naturais.

Artigo 7º.-Solicitudes: prazo de presentación, documentación preceptiva e lugar de presentación.

1. As solicitudes de axuda á redución de xornada poderán presentarse dende o día seguinte ao da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia* e ata o 31 de outubro de 2007.

2. As solicitudes de axuda debidamente cubertas deberán achegarse xunto coa seguinte documentación:

- a) Solicitude oficial segundo modelo anexo I.
- b) Fotocopia do DNI ou NIE.
- c) Fotocopia do libro de familia ou certificación literal de nacemento do Rexistro Civil do/a fillo/a menor de tres anos.
- d) Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio e do convenio regulador, se é o caso.
- e) Nos supostos de adopción ou tutela, copia do auto xudicial de adopción ou da resolución xudicial de constitución da tutela.
- f) No caso de proxenitores solteiros con fillo/a recoñecido polo outro proxenitor pero sen que exista convivencia entre pai e nai, declaración xurada que recolla este extremo (anexo II).
- g) Certificación de empadramento en que se acredite a data de empadramento da persoa solicitante dentro do territorio da Comunidade Autónoma galega.
- h) Fotocopia da folia da libreta de aforros en que conste o número de conta no que desexa percibir o ingreso e na que deberá figurar como titular a persoa solicitante da axuda. No caso de non dispoñer de libreta de aforros, presentárase unha certificación bancaria que indique expresamente que a persoa solicitante é titular da conta a que se refire.
- i) Unha declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas por este mesmo concepto por calquera Administración pública, ou calquera dos seus organismos autónomos, entes ou sociedades (anexo III).
- j) Declaración de que o período de redución solicitado non coincide co permiso por maternidade (anexo III).
- k) Certificación da empresa acreditativa da redución de xornada, ou, se é o caso, da Administración pública correspondente (anexo IV).
- l) Fotocopia de TA 2/R (variación de datos na Seguridade Social).
- m) Certificación de vida laboral emitida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social relativa ao cónxuxe ou parella, no caso das familias non monoparentais.
- n) Anexo V relativo a recollida de datos para a análise de resultados.

3. As solicitudes, xunto coa documentación requirida, deberán presentarse no rexistro da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, mediante instancia

normalizada debidamente cuberta, ben directamente ou ben a través de calquera dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Se as solicitudes non están debidamente cubertas ou non se achega a documentación preceptiva relacionada nos anexos, requirirase á persoa solicitante para que, no prazo de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se entenderá que desiste da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 8º.-Xestión, resolución, recursos, prazo para resolver e procedemento de publicidade.

1. O órgano competente para a xestión da axuda á redución de xornada será a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

2. A concesión e, se é o caso, a denegación da axuda por redución de xornada realizarase mediante resolución expresa e individualizada do vicepresidente da Igualdade e do Benestar. Este proceso efectuarase de forma continuada segundo a orde de recepción de solicitudes das axudas.

3. A resolución á que se refire o punto anterior esgota a vía administrativa e contra esta as persoas interesadas poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Potestativamente, e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da dita resolución. Neste caso non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou por desestimación presunta o recurso de reposición.

4. O prazo máximo para resolver e notificar as solicitudes de axudas será de dous meses, transcorrido o cal se entenderá desestimada a petición de subvención se non recae resolución expresa.

5. Para dar cumprimento ao principio de publicidade, e sen prexuízo da notificación expresa e individualizada das resolucións de concesión, mediante resolución da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das persoas beneficiarias das axudas concedidas ao abeiro desta orde, con expresión das contías percibidas.

Artigo 9º.-Forma de pagamento e xustificación da axuda.

1. A contía da axuda concedida será aboada nun pagamento único polo importe que corresponda segundo as contías determinadas no artigo 5º da presente orde, unha vez notificada a resolución de concesión. O pagamento farase unicamente na conta que as persoas solicitantes fagan constar no anexo I.

2. No prazo dun mes desde a data na que remate o período acollido á subvención deberase xustificar o mantemento da situación subvencionada mediante remisión á Secretaría Xeral da Igualdade dunha certificación da empresa ou da Administración pública correspondente, se é o caso, na que se acredite que se permaneceu coa redución de xornada que deu dereito á axuda durante o período solicitado, debendo ser expedida esa certificación con data igual ou posterior á do período que se certifica, e unha certificación de vida laboral emitida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Así mesmo poderán requirirse outros documentos que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar considere necesarios.

3. O incumprimento pola persoa beneficiaria do establecido no artigo 9º.2 dará lugar ao reintegro da axuda percibida.

Artigo 10º.-Modificación da axuda.

1. Se unha vez concedida a axuda, a persoa solicitante que exercita o dereito da redución de xornada amplía o período polo que solicitou a subvención, dentro do límite dos 8 meses establecido no artigo 6º, para que poida acollerse á axuda por un novo período, deberá presentar outra solicitude no prazo de dous meses desde a data na que se producise esta modificación.

2. Se antes do remate do período subvencionado a persoa que está exercitando o dereito á redución de xornada decide renunciar ao exercicio dese dereito deberá comunicalo á Secretaría Xeral da Igualdade debendo achegar una certificación da empresa que acredite os termos exactos nos que se realizou a redución da xornada, en relación coa súa duración e a porcentaxe de redución. A Secretaría Xeral da Igualdade, logo da comprobación da dita documentación procederá a iniciar o expediente de reintegro regulamento no artigo 15º no suposto de que derivase a devolución de parte da subvención concedida.

3. No suposto de que, durante o período que tivese sido subvencionado, a persoa que se acollerase a unha redución de xornada diminúa ou amplíe a porcentaxe da dita redución, dentro dos límites exixidos nesta orde, entenderase que na data en que se produciu o cambio ten finalizado a actuación subvencionada e comeza un novo período subvencionable, debendo comunicalo a Secretaría Xeral da Igualdade e achegando una certificación da empresa que acredite os termos exactos nos que se realizou a redución da xornada, en relación coa súa duración e a porcentaxe de redución. A Secretaría Xeral da Igualdade, revisa-

da a documentación, procederá a liquidar as axudas anteriormente concedidas mediante unha nova resolución ou a iniciar o correspondente expediente de reintegro regulado no artigo 15º, no suposto de que derivase a devolución de parte da subvención concedida. Para poder acollerse á subvención polo período correspondente á nova redución de xornada deberán presentar outra solicitude, no prazo de dous meses desde a data na que se producise esta modificación.

Artigo 11º.-Obrigas das persoas beneficiarias.

1. As persoas beneficiarias desta axuda quedan obrigadas a someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a entidade concedente e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino destas axudas.

2. Así mesmo están obrigadas as persoas beneficiarias desta axuda á comunicarlle ao órgano concedente calquera eventualidade que altere substancialmente o obxecto ou natureza da actividade subvencionable.

Artigo 12º.-Compatibilidades con outras subvencións ou axudas.

A axuda por redución de xornada prevista nesta orde será compatible con calquera outra que, coa mesma finalidade, teñan establecidas ou puidesen establecer calquera das administracións públicas, dos seus organismos autónomos, entes ou sociedades, así como por calquera entidade privada.

Artigo 13º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, sempre que se entenda cumprido o obxecto desta, dará lugar á modificación da resolución e concesión da axuda, sempre que se cumpran os requisitos mínimos establecidos nesta orde para ser persoa beneficiaria. Para estes efectos a Secretaría Xeral da Igualdade ditará resolución de liquidación, na que se axustarán os importes das axudas concedidas, aplicándose os criterios e límites establecidos para a o seu outorgamento, quedando obrigadas as persoas beneficiarias á devolución dos importes percibidos en exceso. No suposto de que de tal alteración das condicións puidese derivar a devolución da totalidade ou parte da subvención concedida, iniciárase o correspondente expediente de reintegro regulado no artigo 15º.

Artigo 14º.-Recursos económicos.

1. Os recursos económicos destinados ao cumprimento do obxecto da presente orde procederán dos correspondentes créditos orzamentarios establecidos para estes efectos nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. O importe total das axudas a conceder dentro deste exercicio orzamentario non superará a dita consignación orzamentaria ou a

que se resulte da súa actualización, no caso de que se aproben modificacións orzamentarias de conformidade coa lexislación vixente.

2. No caso de que neste exercicio económico se esgote o crédito orzamentario consignado para a concesión da axuda por redución de xornada, e para os efectos de dar publicidade a esta circunstancia, pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ditarase resolución administrativa na que se sinalará a data na que se produciu o esgotamento do crédito, publicándose no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 15º.-Revogación da axuda e procedemento do reintegro.

Procederá o reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida e dos xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos seguintes casos:

a) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e, se é o caso, nas normas reguladoras da subvención.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación das mesmas que o impedisen.

c) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a concesión da subvención.

d) Incumprimento das condicións impostas ás entidades colaboradoras e ás persoas beneficiarias con motivo da concesión da subvención ou da axuda pública, así como dos compromisos por estes asumidos, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que deben acadarse os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, ou daqueles distintos dos anteriores, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e a regularidade das actividades subvencionadas.

e) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 8º do artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, segundo a redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

f) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos números 4º e 6º do artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, segundo a redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos, cando disto derive a imposibilidade de

verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedente de calquera Administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

g) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 ao 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

h) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión destas axudas terá como límite global o crédito consignado no orzamento da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para este fin.

Segunda.-As persoas beneficiarias atópanse suxeitas ao réxime de infraccións e sancións que en materia de subvencións establece o artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

Terceira.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publicará na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias e os importes das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.

Cuarta.-De acordo co establecido no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a persoa beneficiaria autoriza á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a incluír e facer público, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes ás axudas e subvencións recibidas así como ás sancións impostas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Segunda.-Facúltase a secretaria xeral da Igualdade para ditar cantas disposicións sexan precisas en relación coa presente norma.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2007.

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E
DO BENESTAR

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS Á CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL COMO MEDIDA DE FOMENTO DA CORRESPONSABILIDADE PARA OS TRABALLADORES QUE SE ACOLLAN Á REDUCIÓN DA SÚA XORNADA DE TRABALLO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VP440A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	------------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	N.I.F./N.I.E.
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DO CÓNXUXE OU PARELLA (SE É O CASO)

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	N.I.F./N.I.E.
------------------	-----------------	------	---------------

DATOS FILLOS/AS MENORES DE TRES ANOS

APELIDOS E NOME	DATA DE NACEMENTO/ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
-----------------	--------------------	--------------------	--------------------------

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (ARTIGO 7.2)

<input type="checkbox"/> Fotocopia compulsada DNI/NIE da persoa solicitante. <input type="checkbox"/> Fotocopia compulsada do libro de familia ou certificación literal da inscrición do nacemento no rexistro civil da/o filla/o menor de tres anos <input type="checkbox"/> Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio e do convenio regulador, se é o caso <input type="checkbox"/> Copia do auto xudicial de adopción. <input type="checkbox"/> Resolución xudicial de constitución da tutela. <input type="checkbox"/> No caso de proxenitores solteiros con filla/o recoñecido polo outro proxenitor pero sen que exista convivencia entre pai e nai, declaración xurada que recolla este extremo (anexo II). <input type="checkbox"/> Certificación de empadramento da persoa solicitante no que se acredite a data de empadramento dentro do territorio da Comunidade Autónoma galega. <input type="checkbox"/> Fotocopia da libreta de aforros ou certificación bancaria. <input type="checkbox"/> Declaración do conxunto de axudas e declaración de non coincidir co permiso paternidade (anexo III). <input type="checkbox"/> Certificación da empresa acreditativa da redución de xornada (anexo IV). <input type="checkbox"/> Fotocopia compulsada de TA2/R de variación de datos na Seguridade Social. <input type="checkbox"/> Certificación de vida laboral emitida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social relativa ao cónxuxe ou parella para o caso das familias non monoparentais. <input type="checkbox"/> Anexo V relativo a recollida de datos para análise de resultados.
--

Quen abaixo asina DECLARA QUE:

Presta expresamente o seu consentimento á consellería para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do art. 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos arts. 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do _____ de 2007 pola que se convocan axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA <i>Lugar e data</i>		DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____

ANEXO II

DECLARACIÓN XURADA (para cubrir só no caso de proxenitores solteiros/as con fillas/os recoñecidos polo outro proxenitor co que non conviven).

D./D^a: con DNI/NIF nº

Enderezo: Código postal

Localidade: Provincia: Teléfono:

DECLARA

Que o meu fillo/a convive unicamente comigo e ao meu coidado, no domicilio arriba indicado.

Lugar e data

, de de 200

(Sinatura)

ANEXO III

D./D^a: con DNI/NIF nº

DECLARA

(*)

1º

Que non ten solicitado nin percibido doutra Administración pública ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ningunha axuda por fillos/as menores de tres anos a cargo.

Que ten solicitadas ou concedidas as seguintes axudas por fillos/as menores de tres anos a cargo:

	<i>ADMÓN. PÚBLICA/ORGANISMO/ENTE OU SOCIEDADE</i>	<i>IMPORTE €</i>
1	<input type="text"/>	<input type="text"/>
2	<input type="text"/>	<input type="text"/>
3	<input type="text"/>	<input type="text"/>

2º

Que o período solicitado non coincide co permiso por maternidade.

Lugar e data

, de de 200

(Sinatura)

(*) Síñale cun x a opción que corresponda

ANEXO IV

CERTIFICACIÓN DA EMPRESA

NOME DA EMPRESA		CIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>			

D./Dª con DNI nº

como representante da empresa enriba sinalada,

CERTIFICO:

Que o/a traballador/a con DNI nº

pasa a situación de: *REDUCCIÓN DE XORNADA PARA COIDADADO DE FILLA/O MENOR DE TRES ANOS*

Desde: o

Ata: o

Xornada ordinaria do seu contrato de traballo, antes da redución por coidado de filla/o:

Completa

Parcial: % sobre a xornada completa establecida en convenio

Sinalar a porcentaxe que reduce sobre a xornada que realiza: %

Expídese a presente certificación a petición do/a interesado/a para os efectos de solicitar a axuda de redución de xornada prevista na Orde do _____ de 2007 pola que se convocan ás axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo.

Lugar e data _____, de _____ de 200

Sinatura e selo da empresa

ANEXO V

1. DATOS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	D.N.I.
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
DATA DE NACEMENTO	CORREO ELECTRÓNICO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO DE CONTACTO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Sinalar cun X

Home

Muller

Nivel de titulación (Marque cun X o que proceda)

Nivel titulación	Código	Nivel titulación	Código
<input type="checkbox"/> Sen alfabetizar	0	<input type="checkbox"/> Bacharelato, BUP, COU	4
<input type="checkbox"/> Estudos primarios sen rematar	1	<input type="checkbox"/> FP2	5
<input type="checkbox"/> E.X.B	2	<input type="checkbox"/> Diplomatura universitaria	6
<input type="checkbox"/> FP1	3	<input type="checkbox"/> Licenciatura universitaria	7

2. ACCIÓN SUBVENCIONABLE

Data de inicio da redución de xornada: (día/mes/ano)

Data de remate da redución de xornada: (día/mes/ano)

Nivel de titulación (Marque cun X o que proceda)

Apellidos e nome da/o filla/o polo que se solicita a redución de xornada	Data de nacemento/adopción ou acollemento
1.- <input type="text"/>	<input type="text"/>
2.- <input type="text"/>	<input type="text"/>
3.- <input type="text"/>	<input type="text"/>
4.- <input type="text"/>	<input type="text"/>

3. DATOS LABORAIS

Relación laboral (Marque cun X o que proceda)

Traballador/a por conta allea en entidade privada de xornada

Traballador/a da Administración:

Persoal funcionario Admón. autonómica

Persoal laboral de Admón. local

Persoal estatutario Admón. central

Duración da relación laboral (Marque cun X o que proceda)

Indefinida

Temporal duración inferior a 1 mes

Temporal duración de 1 ata 3 meses

Temporal duración superior a 3 meses e inferior a 6 meses

Temporal duración de 6 meses ata 12 meses

Temporal duración maior de 12 meses

Xornada laboral (Marcar cun X o que proceda)

A tempo completo

A tempo parcial Indicar a % que supón en relación coa xornada a tempo completo

Indicar a % que supón en relación coa xornada realizada pola persoa solicitante

4. DATOS DA EMPRESA OU ENTIDADE NA QUE PRESTA OS SEUS SERVIZOS

Número CIF ou NIF no caso de empresa individual:

Nome ou razón social:

Número de traballadores/as no cadro de persoal: Número de mulleres

Número de homes:

Forma xurídica (Marque cun X o que proceda)

<input type="checkbox"/> Sociedade anónima	01	<input type="checkbox"/> Sociedade agraria de transformación	08
<input type="checkbox"/> Sociedade cooperativa	02	<input type="checkbox"/> Asociacións privadas sen ánimo de lucro	09
<input type="checkbox"/> Sociedade anónima laboral	03	<input type="checkbox"/> Sociedade limitada laboral	10
<input type="checkbox"/> Comunidade de bens	04	<input type="checkbox"/> Administración	11
<input type="checkbox"/> Sociedade limitada	05	<input type="checkbox"/> Org. patronais ou sindicais	12
<input type="checkbox"/> Empresario/ individual	06	<input type="checkbox"/> Outras entidades sen ánimo de lucro	13
<input type="checkbox"/> Sociedade civil	07	<input type="checkbox"/> Outras	14

Sector de actividade (Marque cun X o que proceda)

<input type="checkbox"/> Agricultura e gandería	A	<input type="checkbox"/> Construción	M
<input type="checkbox"/> Pesca	B	<input type="checkbox"/> Comercio	N
<input type="checkbox"/> Industria de alimentación, bebidas e tabaco	C	<input type="checkbox"/> Hostalaría	Ñ
<input type="checkbox"/> Industria téxtil e da confección	D	<input type="checkbox"/> Transporte	O
<input type="checkbox"/> Industria da madeira	E	<input type="checkbox"/> Actividades inmobiliarias	P
<input type="checkbox"/> Industria do papel: edición e artes gráficas	F	<input type="checkbox"/> Actividades informáticas	Q
<input type="checkbox"/> Industria química	G	<input type="checkbox"/> Investigación e desenvolvemento	R
<input type="checkbox"/> Fabricación de maquinaria	H	<input type="checkbox"/> Servizos a empresas	S
<input type="checkbox"/> Fabricación de vehículos de motor	I	<input type="checkbox"/> Educación	T
<input type="checkbox"/> Fabricación de material eléctrico	J	<input type="checkbox"/> Sanidade	U
<input type="checkbox"/> Fabricación de material electrónico	K	<input type="checkbox"/> Administración pública	V
<input type="checkbox"/> Produción e distribución de enerxía	L	<input type="checkbox"/> Outras actividades	X

O/A SOLICITANTE DECLARA:**Primeiro.-**

Que non está incurso/a en ningún procedemenn de reintegro ou sancionador iniciado como consecuencia de subvención ou axuda da mesma natureza outorgada pola Administración xeral da Xunta de Galicia ou dos seus organismos autónomos.

Segundo.- (Marque cun X o que proceda)

- a) Que os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son verdadeiros.
- b) Que autoriza a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a realizar as consultas necesarias de ficheiros públicos para os únicos efectos de comprobar a veracidade dos datos declarados.

Lugar e data

, de de 200

Sinatura